



**Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA**

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL 2011

No día de hoxe tivemos unha primeira xuntanza da parte social para tratar de perfilar o Plan de Acción Social para o 2011.

Entre outras propostas, presentamos á Administración as seguintes:

- Elevar todos os límites de renda a 1.500 euros máis respecto aos que temos na actualidade
- Para evitar os problemas que hai, ano tras ano, cos funcionarios que se atopan de baixa, ou os que non teñen acceso á Intranet (como os de Aduanas) habilitar a posibilidade de requeririlles a documentación non polo correo corporativo, senón por un correo externo ou mesmo vía SMS .Neste punto, lembramos o que pasou na última convocatoria, na que moitos compañeiros de Vixilancia Aduaneira perderon as axudas por non contestar aos requerimentos de documentación ao non poder acceder ao correo da AEAT.
- Pedimos, tamén, o compromiso de que a AEAT resolva todas as axudas antes do 31 de outubro e, no caso de que, unha vez pagadas todas as axudas houbera remanente habilitar a posibilidade de agotar todo o crédito asignado mediante unha convocatoria extraordinaria ou incrementando a contía de unha ou varias axudas.
- Para as **axudas de saúde**, elevar, ata 4.500 euros, o límite máximo de axudas a percibir (agora está en 3.000)
- Nas axudas de "**Desarrollo educativo**", para os estudos de educación superior fóra da residencia da unidade familiar, elevar as contías de axuda por fillo
- Recuperar a **axuda por nacemento de fillos**, nos termos nos que estaba no ano 2008
- **Nas axudas por xubilación** modificar o prazo para a presentación de instancias ampliándoo ata o momento da xubilación. Tamén, neste apartado, solicitamos a modificación dos tramos de cálculo de ingresos íntegros do empregado, cun límite máximo 40.000 euros.

Por último, e como novidade de este ano, lembre que se pagarán por acción social (a través da axuda para a promoción do personal) o reembolso de gastos por desprazamento aos exames de promoción interna, xa que, por interpretación da CECIR estes gastos non están suxeitos ao R.D.462/2002 (o que regula as dietas)

Quedamos citados para o 22 de febreiro, día no que á AEAT dará resposta ás nosas peticións e perfilaremos o Plan de Acción Social para o 2011

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22